PARLAMENTO
DE GALICIA

Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes ao procedemento para a contratación do servizo de xardinería das edificacións e instalacións do Parlamento de Galicia.

A base décima do prego de cláusulas administrativas establece os criterios, para a valoración das proposicións, referidos a aqueles cuxa cuantificación depende de xuízo de valor. O valor técnico da oferta valorárase ata 45 puntos e respecto del teranse en conta os aspectos relativos a: .- achega de plantas de interior e exterior en función do número, tamaño, variedade e tipo; achega de fertilizantes, cales, sulfatos de ferro, e semente de céspede semellante en variedade á actual, para o axardinamento interior e exterior e para as plantas de interior en función da calidade, tipo e cantidade (Kg); análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar; - o plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás exixidas; - os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación; - as melloras sobre os equipos básicos de xardinería e sobre o equipamento de protección individual (EPI), en función do beneficio que acheguen á calidade e seguridade do servizo.

Para os efectos de poder avaliar o conxunto das propostas efectuouse unha puntuación en base aos aspectos sinalados na referida base décima do PCA, do seguinte xeito:

a) Valor técnico da oferta ata 27 puntos:

a.1.- Ata 12 puntos. Relación detallada de achega de plantas de interior e exterior en función do número, tamaño, variedade e tipo. Achega de fertilizantes, cales, sulfatos de ferro, e semente de céspede semellante en variedade á actual, para o axardinamento interior e exterior e para as plantas de interior en función da calidade, tipo e cantidade (Kg). Análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 4 puntos), medio (de 5 a 8 puntos) e alto (de 9 a 12 puntos).

a.2.- Ata 10 puntos. Plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás exixidas; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 3 puntos), medio (de 4 a 6 puntos) e alto (de 7 a 10 puntos).

a.3.- Ata 5 puntos. Parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 a 3 puntos) e alto (de 4 a 5 puntos).

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

b) Melloras ata 18 puntos. Valoraranse as melloras presentadas sobre equipos básicos de xardinaría e sobre o equipamento de protección individual (EPI), en función do beneficio que acheguen á calidade e seguridade do servizo.

b.1.- Ata 3 puntos. Equipos de cortar o céspede: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; anchura de corte e capacidade do recolledor; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 puntos) e alto (de 3 puntos).

b.2.- Ata 3 puntos. Equipos de escarificación: nº de unidades superior ás exixidas; potencia; anchuras de traballo e profundidade vertical; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 puntos) e alto (de 3 puntos).

b.3.- Ata 3 puntos. Equipos de poda; de corta-bordos e roza; de corta-sebes: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias/cilindrada; empuñaduras multifuncional; guiadores abertos con ou sen axuste; sistemas antivibración e ergonomías; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 puntos) e alto (de 3 puntos).

b.4.- Ata 3 puntos. Equipos de limpeza (céspede, follas, restos de podas e lixos varios): nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; cilindradas; caudais e velocidades do aire; sistemas antivibración e ergonomías; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 puntos) e alto (de 3 puntos).

b.5.- Ata 3 puntos. Equipos de hidrolimpeza para superficies de formigón e pedra: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; presións de traballo; caudais de auga; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 puntos) e alto (de 3 puntos).

b.6.- Ata 3 puntos. Equipamento de protección individual (EPI): tecnoloxía; confort; impermeabilidade e clase de protección anticorte segundo as normas vixentes; establecéndose a efectos de valoración tres niveis: baixo (de 0 a 1 puntos), medio (de 2 puntos) e alto (de 3 puntos).

Impresas presentadas:

1.-Talher,S.A.

a.- Valor técnico da oferta ata 27 puntos.

a.1.- Ata 12 puntos. Achega de plantas de interior e exterior en función do número, tamaño, variedade e tipo; achega de fertilizantes, cales, sulfatos de ferro, e semente de céspede semellante en variedade á actual, para o axardinamento interior e exterior e para as plantas de interior en función da calidade, tipo e cantidade (Kg); análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar.

Con independencia do establecido no PPT, e en relación a achega de plantas de interior, presenta unha relación boa e detallada en respecto da variedade e tipo; en canto o número plantas a renovar anualmente concreta que será do 30% sobre as unidades existentes, as plantas propostas están elixidas en base a súa capacidade de purificación do aire; respecto das plantas de exterior propón tipos e variedades concretas, definindo número, (aproximadamente a metade respecto de outra proposta) tamaño (altura), variedade e tipo, tanto para a tempada de inverno como de verán.

En relación a calidade, tipo e cantidade de fertilizantes, cales, sulfatos e sementes, considerase a proposta como boa; describe con detalle o proceso de aplicación dos diferentes produtos, detalla as marcas (OXYFERTIL, BASACOTE, FLORANID, COMPO), especifica e precisa o tipo, composición e cantidades a empregar, sendo estas superiores ás exixidas pero no seu conxunto lixeiramente inferior a outras propostas; respecto da semente de céspede non indica a marca, e suponse semente en calidade semellante a existente, propoñen unha mezcla coa fórmula que determinen os técnicos do Parlamento; presentarán certificados de garantías.

No relativo o análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar: expón que levará acabo cos seus propios medios e nas datas oportunas os tratamentos adecuados nas zonas axardinadas para impedir o comezo ou propagación de calquera enfermidade ou praga que poidera aparecer en calquera das especies, así coma aqueles outros destinados a combater ata a súa total extinción a enfermidade ou praga desenrolada.
Planifica unha actuación fitosanitaria de tipo integral que se considera boa, propón a adopción dunha serie de medidas e a execución dunhas accións: medidas culturais e lexislativas, medios mecánicos físicos, control biolóxico, mellora xenética, loita química e loita integrada. Detalla e describe de xeito minucioso o desenvolvemento do plan de actuacións fitosanitarias, en base a: tratamentos culturais e de loita biolóxica, programas de seguimento de ciclos biolóxicos e graos de infestación e aplicación de tratamentos químicos; describe as materias activas e as doses dos produtos químicos a empregar en relación a reducción de impactos ambientales. Non relaciona marcas.

En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como boa, polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 9 puntos.

a.2.- Ata 10 puntos. O plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás exixidas.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

Detalla un bo plan de implantación, describe a mecánica operativa inicial comprometéndose a partires do mes seguinte da adxudicación e cada mes a presentar unha proposta para a implantación da planificación dos traballos para a prestación do servizo onde describirá os labores de conservación, mantemento e limpeza; describe adecuadamente o sistema de comunicación entre a empresa e o Parlamento tanto para as actividades diarias como para as urxencias, dispoñendo dun centro de control 24 horas os 365 días do ano. Define a composición do equipo de traballo anual onde detalla o persoal fixo adscrito o contrato e o persoal eventual non adscrito así como o cadro de prestación de horas anuais de traballo.O horario de traballo estará distribuído de luns a venres dende as 7.00 ás 15.00 horas; que poderá ser modificado segundo as necesidades do servizo; inclúe previsión de horarios especiais segundo necesidades de actuacións urxentes e actos organizados polo Parlamento fora dos horarios de servizo.

Presenta un moi bo e claro plan de traballo, semellante o de outras propostas, marcando obxectivos, melloras, medios, ferramentas, materiais e EPIs necesarios para implantar cada unha das actividades seguintes: limpeza biolóxica, de vías e material urbano; podas e risco de arborado; recorte de arbustos e sebes; de abonados e enmendas; tratamentos fitosanitarios e sanidade vexetal; mantemento de céspede; perfilados, aireado e escarificado; rego e mantemento da rede, reposicións.

Detalla unha organización do servizo, de control e de supervisión e execución do contrato boa; describe a composición do equipo, os criterios de organización e presenta o organigrama do servizo; nomea un delegado do contrato (técnico titulado) que será o interlocutor co Parlamento e especifica as súas funcións técnicas, de control, de execución e de supervisión do servizo; e establece e detalla un plan de actuacións urxentes e os criterios básicos do mesmo; describe de maneira adecuada un cadro de persoal de apoio e asesoría, e define a xestión dos recursos humanos.

Aporta para os labores e actividades de xardinería unha metodoloxía de traballo clara e ben detallada, incluíndo os correspondentes plans de actividades e detalla os pasos a seguir: metodoloxía para o plan de limpeza de parques, xardíns e prazas; para o plan de podas de arborado, para o plan de risco do arborado (referencia o arborado singular: cedro atlántico); para o plan de recorte de arbustos sebes e topiarias; para plan de abonos e enmendas; para o plan de sanidade vexetal e tratamentos fitosanitarios; para o plan de mantemento de céspede, praderías e cubertas vexetais; para o plan de rego e mantemento da rede hidráulica e de drenaxe con compromiso para un uso de auga eficiente; para o plan de control de malas herbas, entrecavados, escardas; para o plan de reposicións de plantas.

En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como moi boa, polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 8 puntos.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

a.3.- Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación.

Presenta para este apartado un bo plan no que a calidade, o medio ambiente e as medidas de prevención de riscos laborais e de eliminación de ricos de funcionamento son o eixo sobre os que establece a calidade do servizo, para elo ten implantados un sistema de xestión da calidade e un sistema de xestión ambiental. Detalla as premisas en que se basea o sistema de calidade e a periodicidade de revisión mediante informes de auditoría interna e plan de autocontrol, con obxectivos, medios e procedementos de control da calidade, e a metodoloxía xeral a seguir para conseguir os obxectivos de calidade. Realizará controis directos sobre a execución dos traballos: de limpeza biolóxica, de vías e material urbano; de podas e risco de arborado; de recorte de arbustos e sebes; de abonados e enmendas; de tratamentos fitosanitarios e sanidade vexetal; de mantemento de céspede; de perfilados, de aireado e escarificado; de rego e mantemento da rede, de reposicións, así como do estado e mantemento da maquinaria con elaboración de fichas e informes.
Presenta un plan aceptable de formación continuada e de reciclaxe; expón a metodoloxía a seguir con formación e renovación de coñecementos técnicos; formación e información en prevención e organización, e formación en xardinería sostenible. Propón un plan anual de formación con indicación de cursos (sete) por categorías profesionais e número horas con indicación de custes.

En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como boa, polo que estaría dentro do grao ou nivel medio de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b)- Melloras ata 18 puntos: Valoraranse as melloras presentadas sobre equipos básicos de xardinaría e sobre o equipamento de protección individual (EPI), en función do beneficio que acheguen á calidade e seguridade do servizo.

b.1.- Ata 3 puntos. Equipos de cortar o céspede: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; anchura de corte e capacidade do recolledor.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición un número de catro unidades de corta céspede con prestacións de potencia, anchura de corte e capacidade do recolledor. Valórase a proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b.2.- Ata 3 puntos. Equipos de escarificación: nº de unidades superior ás exixidas; potencia; anchuras de traballo e profundidade vertical.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
INTERIOR

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición un número de dúas unidades de equipos de escarificación con prestacións de potencia, anchura de traballo e profundidade vertical. Valórase a proposta como boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel medio de satisfacción; atribuíndolle unha puntuación de 2 puntos.

b.3.- Ata 3 puntos. Equipos de poda; de corta-bordos e roza; de corta-sebes: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias/cilindrada; empuñaduras multifuncional; guiadores abertos con ou sen axuste; sistemas antivibración e ergonomías.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición vinte unidades de motoserras; dúas unidades de corta sebes, unha unidade de podadora de altura; cinco unidades de desbrozadoras; con prestacións de potencias/cilindrada; empuñaduras multifuncional; guiadores abertos con ou sen axuste; sistemas antivibración e ergonomías. Valórase a proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b.4.- Ata 3 puntos. Equipos de limpeza (céspede, follas, restos de podas e lixos varios): nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; cilindradas; caudais e velocidades do aire; sistemas antivibración e ergonomías.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición dúas unidades de sopladores, con potencias, cilindradas, caudais e velocidades do aire, sistemas antivibración e ergonomías. Valórase a proposta como boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel medio, atribuíndolle unha puntuación de 2 puntos.

b.5.- Ata 3 puntos. Equipos de hidrolimpeza para superficies de formigón e pedra: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; presións de traballo; caudais de auga.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición unha unidade de hidrolimpadora con potencia, presión de traballo, e caudal de auga. Valórase a proposta como boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel medio de satisfacción; atribuíndolle unha puntuación de 2 puntos.

b.6.- Ata 3 puntos. Equipamento de protección individual (EPI): tecnoloxía; confort; impermeabilidade e clase de protección anticorte segundo as normas vixentes.

Mellora proposta en beneficio do servizo: detalla tecnicamente pero de xeito menos exhaustivo que outras propostas o equipamento de protección individual coa información relativa a: tecnoloxía, confort, impermeabilidade e clase de protección segundo as normas vixentes; non aporta información sobre equipos de protección especial contra produtos químicos e fitosanitarios. Valórase a proposta como boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel medio de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 2 puntos.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

2.- Eulen,S:A.

a.- Valor técnico da oferta ata 27 puntos.

a.1.- Ata 12 puntos. Achega de plantas de interior e exterior en función do número, tamaño, variedade e tipo; achega de fertilizantes, cales, sulfatos de ferro, e semente de céspede semellante en variedade á actual, para o axardinamento interior e exterior e para as plantas de interior en función da calidade, tipo e cantidade (Kg); análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar.

Co independencia do establecido no PPT, e en relación a achega de plantas de interior, presenta unha relación moi boa e detallada en respecto da variedade e tipo; en canto o número plantas a renovar anualmente concreta que será do 40% sobre as unidades existentes: Respecto das plantas de exterior propón tipos e variedades, definindo o número (un pouco por debaixo da metade respecto de outra proposta), tamaño (altura), propón para escoller a mellor relación de plantas en canto a variedade e tipo, tanto para a tempada de inverno como de verán; o criterio de selección das variedades e tipos basearase na elección das máis adecuadas o clima de Santiago; pon a disposición do servizo un programa informático DESIGNFLORE para o deseño das plantacións e para o cálculo de unidades a empregar en función da densidade da plantación. As plantas serán de produtores certificados.

En relación a calidade, tipo e cantidade de fertilizantes, cales, sulfatos e sementes, considerase a proposta como moi boa; describe con profusión o proceso de aplicación dos diferentes produtos, detalla as marcas (NITROPHOSCA, LITHOTHAMNE, BASFOLIAR, COMPO), especifica e precisa o tipo do produto, composición e cantidades a empregar, sendo estas no seu conxunto semellantes a outras propostas, pero superiores ás exixidas; respecto da semente de céspede indica a utilización dunha semente semellante a existente e propón unha mezcla da marca ZULUETA.

No relativo o análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar. Define de maneira moi satisfactoria o programa de tratamentos fitosanitarios preventivos co fin de conseguir manter os elementos vexetais nun estado sanitario aceptable. Aposta pola reducción de produtos fitosanitarios que poidan exercer efectos nocivos, e polo fomento de medidas compatibles cun mantemento sostenible, sempre que sexa posible utilizarase unha loita integrada e biolóxica; para elo desenrolará métodos preventivos para minimizar a presenza ou propagación de pragas e enfermidades, potenciará a loita ecolóxica/bioloxica mediante técnicas mecánicas, de depredación e outras, o emprego de produtos fitosanitarios con materias activas ecolóxicas ou de tipo hormonal e orgánico e o uso de fitosanitarios de baixo impacto ambiental. Define os criterios

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E INTERIOR

de actuación para levar a cabo o referido programa detección e control, os momentos óptimos dos tratamentos preventivos e a súa frecuencia, os factores climáticos que afecten o desenrolo de enfermidades e pragas, os análises e estudos climáticos edafolóxicos ou fisiolóxicos para a detección, control e tratamento rápido e eficaz de calquera anomalía; con medios, produtos e procedementos idóneos. Na aplicación de fitosanitarios utilizará medios, produtos e procedementos non tóxicos en horarios que non causen prexuízo para os usuarios, con acotación de zonas. Adxunta un protocolo de actuación para control e manexo de pragas e enfermidades así como unha moi boa proposta de tratamentos expostos en tablas resumen con información sobre: enfermidade – especie afectada – tipo de tratamento – materia activa – doses – modo de aplicación e calendario de actuación.

En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como moi boa, polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 9 puntos.

a.2.- Ata 10 puntos. O plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás exixidas.

Detalla un bo plan de implantación, describe os medios técnicos e de organización adaptada para este contrato Describe de maneira adecuada un cadro de persoal de apoio e asesoría, e define a xestión dos recursos humanos agrupados en categorías e as súas funcións; detalla adecuadamente o sistema de comunicación entre a empresa e o Parlamento tanto para as actividades diarias como para as urxencias, dispoñendo dun centro de control 24 horas os 365 días do ano. Presenta a composición do equipo de traballo anual onde detalla o persoal fixo adscrito o contrato e o persoal eventual non adscrito así como o cadro de prestación de horas anuais de traballo. O horario de traballo estará distribuído de luns a venres dende as 7.00 ás 22.00 horas (xornada de 7:35 horas distribuídas a criterio dos técnicos do Parlamento), e os sábados en caso de ser necesario para actuación especiais propón unha xornada dende as 8.00 ás 14.00 horas e un reten de garda fora do horario habitual as 24 horas do día e para os 365 días do ano.

Aporta un moi bo plan de traballo detallando minuciosamente as labores de mantemento e conservación (plan de rego, de sega de céspede, recorte e poda de arbustos, fertilización, aireación, escarificado, entrecavado e angazado, conservación de sebes, tratamentos fitosanitarios, resementado), así como tamén os labores e frecuencias de reposición e traslado, con especificacións ao tipo de arborado e arbustos, plantas interiores e exteriores, planta de temporada, e céspedes; os labores de poda e da súa planificación de execución.os labores de limpeza das zonas verdes, vías exteriores e mobiliario; incluíndo as medidas e previsións de mantemento, reparación e reposición do sistema de rego.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

Presenta unha organización do servizo que se considera boa: detalla a composición do equipo, os criterios de organización e presenta o organigrama do servizo; nomea un xestor do contrato (técnico titulado) que será o interlocutor co Parlamento e especifica as súas

funcións técnicas, de control, de execución e de supervisión do servizo; e establece e detalla un plan de actuacións urxentes e os criterios básicos do mesmo; Propón medidas de aforros enerxéticos tales como: emprego de combustibles e aceites pouco contaminantes; optimización no uso da maquinaria; mellora de eficiencia enerxética nos locais do servizo; redución dos consumos de auga e emprego de maquinaria electrica.

Aporta para os labores e actividades de xardinería unha metodoloxía de traballo ben detallada, desenrolando os obxectivos marcados e describindo os pasos a seguir para o mantemento da masa vexetal, para o sistema de rego e mantemento da instalación, con proxecto para a optimización do sistema de rego e de redución do consumo, para limpeza e xestión de residuos en zonas verdes: En funcionalidades superiores ou complementarias levará acabo o cálculo de la Huella de Carbono que proporcioná como resultado un dato que pode ser utilizado como indicador ambiental global do servizo de xardinería das instalacións e edificacións do Parlamento, e que ten por obxecto definir o procedemento do inventario dos gases de efecto invernadoiro derivados da xestión e mantemento dos xardín do Parlamento.

En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como moi boa, polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 8 puntos.

a.3.- Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación.

Eulen por sí misma, ou por medio dun terceiro designado, levará o control da calidade; este desenrolarase de forma directa mediante o seguimento da prestación do servizo, e de forma indirecta pola avaliación do estado de conservación, establece indicadores de calidade que medirán o resultado final das operacións e o cumprimento dos programas.; para cada un dos indicadores definiranse unha serie de parámetros de calidade: frecuencia de aplicación, unidade de móstreo, valores admitidos, método de medida e fórmula de cálculo. Detalla os indicadores para o céspede (altura, presenza de vexetación adventicia). para o arborado (poda, estado sanitario), para arbustos,sebes e topiarias (poda e recortes, estado sanitario, entrecavado, engazado), para o sistema de rego (mantemento e eficacia), para xardineiras (mantemento), para pavimentos (mantemento), para a contrata (adecuación o servizo, grao de cumprimento da planificación e tempo de resposta); establece o número de controis (na cantidade de 17) e a tipoloxía.
Esta empresa establece un moi plan de formación adaptado especificamente para o equipo do Parlamento para parte do ano 2017 e para os anos 2018/2019 cuxo costo será asumido por Eulen S.A., define moi ben os obxectivos, o calendario e o contido. Adxunta un cadro onde se detalla toda a acción formativa.
En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como moi boa, polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 5 puntos.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉGIME INTERIOR

b.- Melloras ata 18 puntos. Valoraranse as melloras presentadas sobre equipos básicos de xardinaría e sobre o equipamento de protección individual (EPI), en función do beneficio que acheguen á calidade e seguridade do servizo.

b.1.- Ata 3 puntos. Equipos de cortar o céspede: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; anchura de corte e capacidade do recolledor.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición o número de unha unidade de corta céspede con prestacións de potencia, anchura de corte e capacidade do recolledor. Valórase esta proposta como xusta; polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 1 punto.

b.2.- Ata 3 puntos. Equipos de escarificación: nº de unidades superior ás exixidas; potencia; anchuras de traballo e profundidade vertical.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición o número de unha unidade de equipo de escarificación con prestacións de potencia, anchura de traballo e profundidade vertical. Valórase esta proposta como xusta; polo que estaría dentro do grao ou nivel medio de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 1 punto.

b.3.- Ata 3 puntos. Equipos de poda; de corta-bordos e roza; de corta-sebes: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias/cilindrada; empuñaduras multifuncional; guiadores abertos con ou sen axuste; sistemas antivibración e ergonomías.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición o número de unha desbrozadora, un corta sebes e unha motoserra con prestacións de potencias/cilindrada; empuñaduras multifuncional; guiadores abertos con ou sen axuste; sistemas antivibración e ergonomías. Valórase esta proposta como boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel medio de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 2 puntos.

b.4.- Ata 3 puntos. Equipos de limpeza (céspede, follas, restos de podas e lixos varios): nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; cilindradas; caudais e velocidades do aire; sistemas antivibración e ergonomías.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición o número de unha sopladora, con potencia, cilindrada, caudais e velocidades do aire, sistemas antivibración e ergonomías. Valórase esta proposta como xusta; polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 1 punto.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

b.5.- Ata 3 puntos. Equipos de hidrolimpeza para superficies de formigón e pedra: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; presións de traballo; caudais de auga.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición unha hidrolimpadora con potencia, presión de traballo, e caudal de auga óptimo: valórase esta proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b.6.- Ata 3 puntos. Equipamento de protección individual (EPI): tecnoloxía; confort; impermeabilidade e clase de protección anticorte segundo as normas vixentes

Mellora proposta en beneficio do servizo: detalla tecnicamente e en grao alto todo o equipamento a subministrar de protección individual coa información relativa a tecnoloxía, confort, impermeabilidade e clase de protección segundo as normas vixentes; detalla tamén o equipamento de protección especial contra produtos químicos e fitosanitarios: valórase esta proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

3.- Servicios auxiliares de mantenimiento y limpieza, S.L. (Samyl):

a.- Valor técnico da oferta ata 27 puntos.

a.1.- Ata 12 puntos. Achega de plantas de interior e exterior en función do número, tamaño, variedade e tipo; Achega de fertilizantes, cales, sulfatos de ferro, e semente de céspede semellante en variedade á actual, para o axardinamento interior e exterior e para as plantas de interior en función da calidade, tipo e cantidade (Kg); Análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar.

Con independencia do establecido no PPT, e en relación a achega de plantas de interior, presenta a mellor proposta, estando esta perfectamente detallada en canto o número, variedade, tamaño e tipo; destaca o importante número plantas a renovar anualmente, o que supón un 61% das existentes actualmente (un 21% e un 31% máis que outras propostas), indica, define e relaciona con gran precisión os tamaños coas variedades e tipos de plantas a subministrar. Respecto das plantas de exterior propón tipos e variedades concretas, definindo número (o dobre respecto de outras propostas), tamaño (altura e volume), variedade e tipo, tanto para a tempada de inverno como de verán; as plantas serán de produtores certificados con pasaporte fitosanitario.

En relación a calidade, tipo e cantidade de fertilizantes, cales, sulfatos e sementes, considerase a proposta como moi boa; describe con detalle o proceso de aplicación dos diferentes produtos, define as marcas (SCOTTS, LITHOTHAMNE, FLORANID, COMPO), especifica e precisa o tipo, composición e cantidades a empregar, sendo no seu conxunto a mellor propostas en este aspecto con cantidades superiores ás exixidas ; respecto da semente de céspede indica a utilización de semente similar a existente e propón unha mezcla de semente da marca ZULUETA.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E INTERIOR

No relativo o análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar: expón que levará acabo cos seus propios medios e nas datas oportunas os tratamentos preventivos necesarios, así coma aqueles outros encamiñados a combater na súa totalidade a enfermidade ou praga unha vez de desenrolada, e comprométese a reducir na medida do posible o uso de produtos fitosanitarios químicos aplicando técnicas alternativas.
Detalla un bo programa de técnicas de control non químicas a base dunha serie de técnicas ecolóxicas de control de pragas e enfermidades nas diferentes especies vexetais, (subliñando sempre que sexa posible); para praga de insectos e enfermidades o control exerceríase con técnicas biolóxicas de depredación, parasitismo ou mecánicas (trampas e preparados biolóxicos).
Detalla un moi bo programa de xestión da sanidade vexetal, no que se empregarán tratamentos, con técnicas de control, a base de produtos fitosanitarios; tendo en conta todos os traballos, controis e análises que nos acheguen o equilibrio da sanidade dos elementos vexetais. No caso de utilización de fitosanitarios, os produtos serán ecolóxicos das liñas AGROMED e BIAGRO; para a realización de estes traballos contará con operarios acreditados para o uso e manipulación dos mesmos. Os controis a realizar serán diferentes en función do tipo de enfermidades a combater; facendo todos os anos un informe de cada unha das zonas afectadas, se as houbera, especificando o tipo de afección e o tratamento empregado, para confeccionar un inventario a fin de elaborar un programa de tratamentos preventivos e curativos de pragas e enfermidades en relación as épocas e condicións climatolóxicas rexistradas. Adxunta un amplo e detallado anexo de marcas, coas súas correspondentes fichas técnicas de produtos fitosanirarios.

Desenvolve un programa preventivo específico para o arborado exemplar e centenario, así como, un amplo e detallado programa de prevención e tratamento para pragas e enfermidades fisiolóxicas para as plantas ornamentais.

En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como moi boa, polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 11 puntos.

a.2.- Ata 10 puntos. Plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás exixidas.

Detalla un bo plan de implantación, describe a mecánica operativa inicial, comprometéndose a partires do mes seguinte da adxudicación a presentar un manual de procedementos para a prestación do servizo onde describirá os labores de conservación, mantemento e limpeza; Describe adecuadamente o sistema de comunicación entre a empresa e o Parlamento, tanto

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

para as actividades diarias como para as urxencias, dispoñendo dun centro de control 24 horas os 365 días do ano. Presenta a composición do equipo de traballo anual onde detalla o persoal fixo adscrito o contrato e o persoal eventual non adscrito, así como o cadro de prestación de horas anuais de traballo. O horario de traballo estará distribuído de luns a venres dende as 8.00 ás 13.00 horas e dende as 15.00 ás 17.30 horas; inclúe previsión de horarios especiais segundo necesidades de actuacións urxentes e actos organizados polo Parlamento fora dos horarios de servizo; ofrece instalacións e locais de almacenamento para materiais e maquinaria, que de ser necesario, poría a disposición para a execución do contrato.

Aporta un moi bo plan de traballo, sendo semellante o de outras propostas, describindo con detalle as labores de mantemento e conservación (plan de rego, de sega de céspede, recorte e poda de arbustos, fertilización, aireación, escarificado, entrecavado e angazado, conservación de sebes, tratamentos fitosanitarios, resementado), así como tamén os labores e frecuencias de reposición e traslado, con especificacións ao tipo de arborado e arbustos, plantas interiores e exteriores, planta de temporada, e céspedes; os labores de poda e da súa planificación de execución; os labores de limpeza das zonas verdes, vías exteriores e mobiliario; incluíndo as medidas e previsións de mantemento, reparación e reposición do sistema de rego.

Presenta unha organización do servizo que se considera boa: detalla a composición do equipo, os criterios de organización e presenta o organigrama do servizo; nomea un xestor do contrato (técnico titulado) que será o interlocutor co Parlamento e especifica as súas funcións técnicas, de control, de execución e de supervisión do servizo; define os límites de responsabilidade e establece e detalla un plan de actuacións urxentes e os criterios básicos do mesmo; describe de maneira adecuada un cadro de persoal de apoio e asesoría, e define a xestión dos recursos humanos.

Aporta para os labores e actividades de xardinería unha metodoloxía de traballo extensa e ben detallada, incluíndo os correspondentes programas de funcionalidades e describindo cada un dos pasos a seguir: Metodoloxía para o mantemento do céspede; para o control de malas herbas, entrecavados e escardados; para podas e mantemento de arborado, sebes e arbustos; para o sistema de rego e mantemento da instalación, con proxecto para a optimización do sistema de rego e de redución do consumo (utilización do axente humectante H2PRO da marca SCOTTS); para limpeza e xestión de residuos en zonas verdes; para os labores de reposición de árbores, arbustos e plantas de tempada; para o mantemento de plantas de interior de plantas de tempada e de plantas aromáticas; para o mantemento de plantas tapizantes e mallas antiherba.

En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como moi boa, polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 8 puntos.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E XIMF INTERIOR

a.3.- Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación.
Dispón dun sistema integral de xestión da calidade composto por: sistema de xestión de calidade, dun sistema de xestión medioambiental, e dun sistema de xestión de seguridade e saúde, certificados por OCA.

A tipoloxía e o número, sen especificar, de controis a realizar van encamiñados de xeito xenérico a: o control da calidade nas distintas actividades realizadas dentro do servizo prestado, o control dos produtos e materiais utilizados en relación co medio ambiente e os controis de formación

Formación: presenta o plan xenérico de formación co que conta dita empresa; o programa de formación para os traballadores consiste nun plan formativo moi sinxelo que abarca os aspectos relacionados coa calidade, o medio ambiente e coa prevención de riscos laborais; describe as accións formativas para o persoal que non procede de subrogación, e para o persoal subrogado, considera que teñen un coñecemento suficiente das tarefas básicas a realizar; aporta un plan anual de formación específico para este contrato onde referencia os temas obxecto da formación que se basea no plan do ano 2013, e adxunta un plan xenérico anual de formación continua para o ano 2018 e para o conxunto da empresa; concreta cinco cursos de formación especificando contidos, horas lectivas e dirixido o equipo do Parlamento baseado no plan do ano 2013.

En base o exposto considerase que a proposta para este apartado como excesivamente xenérica e sinxela, polo que estaría dentro do grao ou nivel medio de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 2 puntos.

b)- Melloras ata 18 puntos: Valoraranse as melloras presentadas sobre equipos básicos de xardinaría e sobre o equipamento de protección individual (EPI), en función do beneficio que acheguen á calidade e seguridade do servizo.

b.1.- Ata 3 puntos. Equipos de cortar o céspede: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; anchura de corte e capacidade do recolledor.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición un número de catro unidades de corta céspede con prestacións de potencia, anchura de corte e capacidade do recolledor: Valórase a proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b.2.- Ata 3 puntos. Equipos de escarificación: nº de unidades superior ás exixidas; potencia; anchuras de traballo e profundidade vertical.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición un número de tres unidades de equipos de escarificación/aireación con prestacións de potencia, anchura de traballo e profundidade vertical. Valórase esta proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b.3.- Ata 3 puntos. Equipos de poda; de corta-bordos e roza; de corta-sebes: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias/cilindrada; empuñaduras multifuncional; guiadores abertos con ou sen axuste; sistemas antivibración e ergonomías.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición un número de dúas unidades de tesoiras de poda de batería; unha unidade de podadora de altura; dúas unidades de desbrozadoras; tres unidades de motoserras, un unidade de corta sebes de altura e catro unidades de corta sebes (motor/batería) con diferentes lonxitudes de corte con prestacións de potencias/cilindrada; empuñaduras multifuncional; guiadores abertos con ou sen axuste; sistemas antivibración e ergonomías. Valórase esta proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b.4.- Ata 3 puntos. Equipos de limpeza (céspede, follas, restos de podas e lixos varios): nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; cilindradas; caudais e velocidades do aire; sistemas antivibración e ergonomías.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición un número de dúas unidades de picadoras/aspiradoras, dúas unidades de equipos multiferramenta con cepillo barredor, unha unidade de carretilla de orugas para transporte de restos,, con potencias, cilindradas, caudais e velocidades do aire, sistemas antivibración e ergonomías. Valórase esta proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b.5.- Ata 3 puntos. Equipos de hidrolimpeza para superficies de formigón e pedra: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; presións de traballo; caudais de auga.

Mellora proposta en beneficio do servizo: pon a disposición un número de unha unidade de hidrolimpadora de auga quente con potencia, presión de traballo, e caudal de auga. Valórase esta proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos.

b.6.- Ata 3 puntos. Equipamento de protección individual (EPI): tecnoloxía; confort; impermeabilidade e clase de protección anticorte segundo as normas vixentes.

Mellora proposta en beneficio do ser servizo: detalla tecnicamente de xeito minucioso todo o equipamento de protección individual coa información relativa a tecnoloxía, confort, impermeabilidade e clase de protección segundo as normas vixentes; detalla tamén o

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E VIMF INTERIOR

equipamento de protección especial contra produtos químicos e fitosanitarios. Valórase esta proposta como moi boa; polo que estaría dentro do grao ou nivel alto de satisfacción, atribuíndolle unha puntuación de 3 puntos

4.- Plantadeza, S.L.

a.- Valor técnico da oferta ata 27 puntos.

a.1.- Ata 12 puntos. Achega de plantas de interior e exterior en función do número, tamaño, variedade e tipo; achega de fertilizantes, cales, sulfatos de ferro, e semente de céspede semellante en variedade á actual, para o axardinamento interior e exterior e para as plantas de interior en función da calidade, tipo e cantidade (Kg); análise e seguimento procedemental dos tratamentos preventivos (impedir o comezo ou propagación de enfermidades ou pragas) para o céspede, plantas cultivadas, árbores e arbustos, xardíns e macizos en función da idoneidade, calidade, tipo e doses dos produtos a empregar.

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como moi deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 punto.

a.2.- Ata 10 puntos. O plan de implantación, de traballo e organización do servizo, de control, supervisión e execución do contrato, aforros enerxéticos, e metodoloxías e funcionalidades superiores ou complementarias ás exixidas.

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como moi deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 punto.

a.3.- Ata 5 puntos. A os parámetros de calidade, número e tipoloxía dos controis a realizar polo adxudicatario, propios ou alleos, formación.

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 punto.

b.- Melloras ata 18 puntos. Valoraranse as melloras presentadas sobre equipos básicos de xardinaría e sobre o equipamento de protección individual (EPI), en función do beneficio que acheguen á calidade e seguridade do servizo.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

b.1.- Ata 3 puntos. Equipos de cortar o céspede: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; anchura de corte e capacidade do recolledor.

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como moi deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 puntos.

b.2.- Ata 3 puntos. Equipos de escarificación: nº de unidades superior ás exixidas; potencia; anchuras de traballo e profundidade vertical.

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 puntos.

b.3.- Ata 3 puntos. Equipos de poda; de corta-bordos e roza; de corta-sebes: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias/cilindrada; empuñaduras multifuncional; guiadores abertos con ou sen axuste; sistemas antivibración e ergonomías.

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como moi deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 puntos.

b.4.- Ata 3 puntos. Equipos de limpeza (céspede, follas, restos de podas e lixos varios): nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; cilindradas; caudais e velocidades do aire; sistemas antivibración e ergonomías.

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 puntos.

b.5.- Ata 3 puntos. Equipos de hidrolimpeza para superficies de formigón e pedra: nº de unidades superiores ás exixidas; potencias; presións de traballo; caudais de auga.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E DE INTERIOR

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como moi deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 puntos.

b.6.- Ata 3 puntos. Equipamento de protección individual (EPI): tecnoloxía; confort; impermeabilidade e clase de protección anticorte segundo as normas vixentes.

A información que aporta para obter un xuízo de valor neste apartado non permite que sexa cuantificada.
En base o exposto considerase a proposta para este apartado como moi deficiente, polo que estaría dentro do grao ou nivel baixo de valoración; atribuíndolle unha puntuación de 0 puntos.

PARLAMENTO
DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
E RÉXIME INTERIOR

PARLAMENTO DE GALICIA

Do anteriormente exposto estímase procedente proponer a seguinte puntuación as empresas concorrentes:

Categoría	a- Valor técnico da oferta ata 27 puntos.	b- Melloras ata 18 puntos.
	a.1 ata 12 puntos. **a.2** ata 10 puntos e **a.3** ata 5 puntos.	**b.1**, **b.2**, **b.3**, **b.4**, **b.5** e **b.6** ata 3 puntos cada un

Empresas	**Talher, S.A..**	**Eulen, S.A.**	**Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L**	**Plantadeza, S.L.**
a.1 (max. 12 p) - Achegas de plantas...	**9**	**9**	**11**	**0**
a.2 (max, 10p) - Plan de implantación...	**8**	**8**	**8**	**0**
a.3 (max. 5p) - Parámetros de calidade...	**3**	**5**	**2**	**0**
b.1 (max. 3p) - Equipos de cortar céspede..	**3**	**1**	**3**	**0**
b.2 (max.3p) - Equipos de escarificación...	**2**	**1**	**3**	**0**
b.3 (max.3p) -Equipos de poda...	**3**	**2**	**3**	**0**
b.4 (max.3p) - Equipos de limpeza...	**2**	**1**	**3**	**0**
b.5 (max.3p) - Equipos de hidrolimpeza...	**2**	**3**	**3**	**0**
b.6 (max,3p) - Equipamento (EPI)...	**2**	**3**	**3**	**0**
PUNTUACIÓN TOTAL	**34**	**33**	**39**	**0**

En Santiago de Compostela, a 02 de outubro de 2017

O técnico do servizo

Alfonso Couso Boán

Vº e prace
O xefe do servizo

F. Javier Freire González

PARLAMENTO DE GALICIA
SERVIZO DE PERSOAL
DEXIME INTERIOR